



## **Bases do II Concurso de Relato Breve e Poesía do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (2021)**

### **1. Convocatoria e premios**

Convócase o II Concurso de Relato Breve e Poesía do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, no que se establecen premios a o mellor relato curto en galego, o mellor relato curto en castelán, o mellor poema en galego e o mellor poema en castelán.

Outogaranse catro premios para o mellor relato curto en galego, o mellor relato curto en castelán, o mellor poema en galego e o mellor poema en castelán respectivamente. Entregarase diploma a un accésit por premio.

### **2. Participantes**

Poderán participar todos os colexiados (e os seus familiares ata o primeiro grao) e os alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da UDC (grao e máster).

Quedan excluídos de presentarse ao concurso os membros do xurado e os seus familiares ata o segundo grao.

### **3. Presentación**

Cada participante poderá presentar unha única proposta a cada un dos premios convocados. As obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e estas en castelán en ou galego.

Tanto os relatos como os poemas serán de tema libre e poderán presentarse en galego ou en castelán, pero non o mesmo texto nos dous idiomas.

A extensión dos relatos breves estará entre os 4500 e 6000 caracteres, incluídos espazos.

A extensión máxima dos poemas será de 300 palabras. En ambos casos, presentaranse con fonte calibri 12.

### **4. O xurado**

Estará composto por cinco membros:

O presidente será D. Eduardo Toba Blanco. Terá voto de calidade.

Os outros catro (4) compoñentes serán: D.<sup>ª</sup> Patricia Cernadas Novo; D.<sup>ª</sup> Olga Patiño Nogueira; D.<sup>ª</sup> Ana Cristina Pera Puértolas; D. Modesto Fraga Moure.

O xurado regulará, segundo o seu criterio, as incidencias que se produzan e non estean nas bases. O fallo do xurado será inapelable e farase público ao final da reunión do xurado. Calquera dos premios poderá declararse deserto por decisión do xurado.

*Eduardo Toba Blanco* é enxeñeiro de camiños, canais e portos e licenciado en Dereito. Foi Xefe da Demarcación de Costas do Estado en Galicia e na actualidade é o enxeñeiro xefe do Servizo de Conservación e Explotación de Estradas da Coruña, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Autor de numerosos artigos sobre o territorio e as infraestruturas e autor de varios libros.

*Patricia Cernadas Novo* é licenciada en Filoloxía Hispánica, coordinadora de Talleres de Literatura na Biblioteca da Deputación da Coruña e membro da comisión lectora do Premio Torrente Ballester.

*Olga Patiño Nogueira* é actriz, poeta e directora de teatro. Profesora de inglés no IES Fernando Wirtz, na Coruña, colabora en periódicos como La Voz de Galicia e El Progreso de Lugo. Publicou os seus poemas en diversas revistas literarias.

*Ana Cristina Pera Puértolas* é enxeñeira de camiños, canais e portos e desenvolve a súa profesión en diferentes ámbitos, como na labor de financiamento de fondos europeos na Consellería de Pesca, Subdirección de Estradas e Transportes da provincia de Huesca e no Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Huesca.

*Modesto Fraga Moure* estudou Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela. Forma parte da AELG e do PEN Club de Galicia, e foi membro fundador do Batallón Literario da Costa da Morte e do Consello editorial da colección de poesía Letras de Cal. Os seus versos levan colleitando numerosos recoñecementos.

## **5. Criterios de valoración**

Composición; Ritmo; Musicalidade; Transmisión de imaxes; Rima ou verso libre; Orixinalidade; Comunicación de sentimentos e emocións; Abstracción ou hiperrealismo; Semántica e Sintaxe da linguaxe; Comunicación estética; Reflexión filosófica; Encadre literario; Potencia da linguaxe.

## **6. Forma de presentación dos traballos**

Quen desexe optar ao Premio entregarán ou remitirán os orixinais á sede da Demarcación de Galicia (Praza da Milagrosa 2, baixo – 15008 A Coruña)

As copias da obra estarán encabezadas polo seu título, irán firmadas cun pseudónimo e entregaranse dentro dun sobre (SOBRE A) pechado, en cuxo exterior figurará o título da obra e o pseudónimo do autor.

Dentro do sobre A meterase outro sobre (SOBRE B), pechado e identificado co pseudónimo no seu exterior. Neste sobre B incluírase un documento no que figuren os seguintes datos de referencia do autor:

- Pseudónimo
- Nome e apelidos
- Número de colexiado (no seu caso); ou nome e número de colexiado co que o concursante ten relación e definición desta relación; ou copia do resgardo de matrícula na Escola para o curso 2020-2021
- Enderezo habitual, teléfono de contacto e correo electrónico de contacto
- Cláusula de protección de datos asinada

Os orixinais presentados a concurso deberán estar na Demarcación de Galicia antes das 12 horas do día 30 de setembro de 2021. Ata a reunión do xurado serán custodiados polo secretariado da Demarcación.

Os participantes consentirán en publicar os relatos presentados na web da Demarcación, na revista VIA18 e calquera outro medio de comunicación ou difusión utilizado habitualmente polo Colexio.

O feito de presentar unha obra implica a aceptación íntegra e incondicional das presentes bases.



## **7. Prazo de presentación dos traballos**

Os orixinais presentados a concurso deberán estar na Demarcación de Galicia antes das 12 horas do día 30 de setembro de 2021. Ata a reunión do xurado serán custodiados polo secretariado da Demarcación.

Os participantes consentirán en publicar os relatos presentados na web da Demarcación, na revista VIA18 e calquera outro medio de comunicación ou difusión utilizado habitualmente polo Colexio.

O feito de presentar unha obra implica a aceptación íntegra e incondicional das presentes bases.

A Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Galicia

## Cláusula Informativa de protección de datos persoais

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; informámoslle que os datos de carácter persoal facilitados por vostede serán susceptibles de tratamento estritamente confidencial baixo a responsabilidade do Colexio de Camiños, Canais e Portos de Galicia, coa finalidade de xestionar a inscrición e a participación no II Concurso de Relato Breve e Poesía do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.

Os datos e a documentación remitida serán conservados, durante o tempo que sexa preceptivo, sendo destruída no momento no que non sexa precisa a súa conservación, o ben cando vostede persoalmente o solicite, garantíndolle un total respecto á confidencialidade dos seus datos tanto no tratamento como na súa posterior destrución.

Sen prexuízo do anterior, o consentimento para o tratamento e/ou comunicación dos seus datos persoais ten sempre carácter revogable, sen efectos retroactivos. Infórmase da posibilidade de exercer, en calquera momento, os seus dereitos, remitindo un correo electrónico a [derechosdatos@ciccp.es](mailto:derechosdatos@ciccp.es), achegando unha copia do seu documento de identidade.

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS

Responsable:	Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
Finalidade:	Xestión da inscrición e participación no Concurso literario.
Lexitimación:	Consentimento da persoa interesada.
Procedencia:	Directamente da persoa interesada.
Destinatarios:	Poderán ser enviados a terceiros para servizos asociados ao desenvolvemento do propio concurso.
Dereitos:	Acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade.
Información Adicional:	Pode consultar a información adicional sobre Protección de Datos nanosa Política de Privacidad na páxina <a href="http://www3.ciccp.es/política-de-privacidad">www3.ciccp.es/política-de-privacidad</a>

**ACEPTO**

**NON ACEPTO**

**NOME E APELIDOS:**

**DATA:**

**SINATURA:**